



A ordenación do sector bovino

Neste primeiro artigo analizamos e resumimos os aspectos máis importantes do Real Decreto 1053/2022 que establece as normas básicas de ordenación das granxas bovinas.

C. Rodríguez¹, J. Cantalapiedra², ME Rodríguez², E. Fernández³, M. Camiña⁴

¹Técnico de xestión da Deputación de Lugo

²Veterinario/a

³Departamento de Enxeñaría Agroforestal, USC

⁴Departamento de Fisioloxía, USC

Ata finais do ano 2022 o sector bovino carecía dunha norma específica a nivel estatal que establecese os requisitos básicos de ordenación sectorial, ao contrario do que ocorría noutras especies importantes de produción animal coma as aves e o porcino. Esta situación considerábase unha incoherencia debido á importancia económica do gando bovino dentro da produción final agraria nacional e o peso específico que ten España como país produtor dentro da UE.

Outros factores que se tiveron en conta no desenvolvemento desta lei foron a necesidade de atender as demandas dos consumidores, aumentar a profesionalización dos gandeiros e a obriga de cumprir os compromisos climáticos, ambientais, de sustentabilidade, sociais, de seguridade alimentaria, trazabilidade, benestar animal, e bioseguridade etc., que obrigan a Política Agraria Común (PAC), o Pacto Verde Europeo (European Green Deal), a Estratexia da Biodiversidade e o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima de España (PNIEC).

Por tanto, esta norma reúne nun único documento multitude de aspectos lexislativos fundamentais e necesarios para unha xestión eficaz e correcta da actividade das diferentes explotacións (cadro 1) nas que se críen ou manteñan bovinos, adecuando a terminoloxía ao marco legal vixente, especialmente ás definicións recollidas na Lei 8/2003 de sanidade animal do RD 479/2004, que establece e regula o rexistro xeral das explotacións gandeiras.

A súa aplicación ten en conta os diferentes tipos de explotación e as necesidades na produción de carne e leite, modulando as esixencias nas granxas en función do seu tamaño (cadro 2), a orientación zootécnica e se estas explotacións son de nova instalación con respecto ás xa existentes (que terán un período transitorio de adaptación a diferentes requisitos en materia de biose-

► ESTA NORMA REÚNE NUN ÚNICO DOCUMENTO MULTITUDE DE ASPECTOS LEXISLATIVOS FUNDAMENTAIS E NECESARIOS PARA UNHA XESTIÓN EFICAZ E CORRECTA DA ACTIVIDADE DAS DIFERENTES EXPLOTACIÓNS

Cadro 1. Clasificación das explotacións

Por tipo de explotación	Por clasificación zootécnica	Por sistema produtivo	Por capacidade produtiva
Produción e reprodución	Produción de leite	Extensiva	Grupo I
Pastos	Produción mixta	Semiextensiva	Grupo II
Outras*	Recría de xovencas	Non extensiva	Grupo III
	Cebadeiros		Grupo IV

*Outras: centros de testaxe/selección ou reprodución, explotacións ou centros de corentena, centros de concentración de lidia, explotación de cabestros, tratantes/operadores comerciais, centros de concentración

Cadro 2. Clasificación por capacidade produtiva

Clasificación	Produción/reprodución	Cebadeiros
Grupo I	20 UGM	20 UGM
Grupo II	20-180	20-360
Grupo III*	180-850	360-850
Grupo IV	Máis de 850	Máis de 850

Mediante normativa, as AC poderán ampliar a capacidade produtiva do Grupo III ata un 10 % redefinindo o limiar inferior do Grupo IV

guridad, medio ambiente e benestar animal). Tamén establece unha serie de limitacións en función da capacidade produtiva, ao establecer un tamaño máximo nas granxas novas baseado nas UGM (equivalencia para cada tipo de animal por idade e sexo (cadro 3), e dos requisitos que se deben cumprir nas ampliacións nas granxas que xa están en funcionamento. ►►

DESCUBRE EL PODER DE LOS TEST GENÓMICOS



Resultados Genómicos

Superior
Usa semen de toros elite en Ultraplus

Intermedio
Usa semen de toros elite convencional

Inferior
Usa semen de carne sexado macho en Ultraplus

Según los resultados genómicos, clasifica tus hembras en 3 grupos
SUPERIOR, INTERMEDIO, INFERIOR
y utiliza el método reproductivo más rentable para cada grupo

Y si quieres acelerar el progreso genético...

...combina los Test Genómicos con nuestro innovador Programa de Acoplamientos

CHROMOSOMAL
MATINO

Optimiza el PPV (valor futuro previsto)

Enfocado a obtener la máxima rentabilidad económica de todo el rebaño

Minimiza la consanguinidad y maximiza la rentabilidad

TEST GENÓMICOS + CHROMOSOMAL MATINO

Toda la información para tomar tus mejores decisiones



STgenetics

Cadro 3. Valores de equivalencia para o cálculo de UGM

Tipo de gando	Equivalencia UGM
Bovinos de menos de seis meses	0,400
Bovinos entre seis meses e menos de 2 anos	0,700
Machos de 2 anos ou máis	1,000
Vacas leiteiras	1,000
Vacas leiteiras de dous anos ou máis (inclúe xovencas e abastecedores)	0,800

Outros aspectos que considera esta norma e que aborda no seu conxunto son:

A sanidade animal: donde incide na prevención de enfermidades transmisibles dos animais por parte dos titulares dos animais e das explotacións, os operarios das granxas, os veterinarios da explotación e as autoridades competentes (AC) seguindo o esquema One Health (Unha Saúde).

A bioseguridade: ao esixir un nivel mínimo de condicións que eviten a entrada e transmisión de enfermidades en función do tamaño e sistema produtivo das granxas, regulando tamén os movementos autorizados entre estas tendo en conta o status sanitario.

O medio ambiente: aplicando unhas condicións mínimas de localización e capacidade máxima.

O benestar animal: regulando os requisitos estruturais das instalacións, así como os procedementos de cría e manexo prohibidos, como é o caso das mutilacións etc.

O cambio climático: debido á importancia da gandería bovina como fonte emisora de gases de efecto invernadoiro e amoníaco á atmosfera e a contaminación que produce nas augas pola vertedura de nitratos, expón a xestión adecuada dos esterco responsabilizando os titulares da súa administración no chan ou a posible entrega a terceiros. Tamén desenvolverá os preceptos da normativa da nutrición sustentable nos solos agrarios.

A contaminación atmosférica e loita contra o cambio climático: incorpora a necesidade de reducir as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro nalgúns tipos de granxas mediante o uso obrigatorio de técnicas de redución de emisións análogas denominadas melloras técnicas dispoñibles (MTD) respecto da alimentación e dieta dos animais, as instalacións de aloxamento, o almacenamento do xurro etc.

O réxime específico de coordinación e sancións: que se desenvolverá na Mesa de ordenación dos sectores gandeiros.

Os requisitos comúns: establecendo obrigacións en materia de identificación, rexistro e formación dos gandeiros mantendo a obrigación de realizar cursos dunha duración mínima de 20 horas e reciclaxe cada 5 anos con cursos de 10. Este requisito exceptúase aos operadores que teñan unha formación profesional da rama agraria (GASA etc.), acreditacións, titulacións superiores ou mediante validacións por experiencia profesional de 3 anos a criterio da autoridade competente (AC).

Conforme a normativa de vixilancia do operador e do Plan Sanitario Integral das Granxas, as persoas e entidades con responsabilidade nas explotacións repartiranse unha serie de funcións e deberes. Estes requisitos, que serán esixibles pola AC, estarán documentados e protocolizados a través do Sistema Integral de Xestión das Explotacións Bovinas (SIGE) e incluírán:

- A identificación do veterinario de explotación
- O plan sanitario integral das explotacións gandeiras no relativo ás obrigacións de vixilancia do titular da explotación
- O plan de benestar animal
- O plan de formación en materia de benestar animal, medio ambiente e manexo dos animais
- O plan de xestión ambiental, que integrará:
 - As medidas para a optimización do uso de auga e enerxía
 - As medidas para o control de rúidos, partículas, po e cheiros
 - O plan de xestión de residuos
 - O plan de produción e xestión de estiércol, que especificará o sistema de recollida e instalacións previstas para o seu almacenamento, a produción anual estimada, a descrición da xestión prevista sinalando a cantidade que se desti-

▶ A SÚA APLICACIÓN TEN EN CONTA OS DIFERENTES TIPOS DE EXPLOTACIÓN E AS NECESIDADES NA PRODUCCIÓN DE CARNE E LEITE

nará directamente á valorización agronómica ou a tratamentos autorizados, a superficie agrícola ou forestal para a aplicación ao chan dos esterco e identificación das parcelas destinatarias, así como identificación das instalacións de tratamento ou dos operadores ou xestores autorizados aos que se lles entregou o esterco. ■

BIBLIOGRAFÍA

Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Real Decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras

Real Decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras

Real Decreto 1053/2022 que establece as normas básicas de ordenación das granxas bovinas

Decreto 1051/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sustentable nos chans agrarios

Real Decreto 364/2023, do 16 de maio, polo que se establecen as bases de desenvolvemento da normativa da Unión Europea de sanidade animal, no relativo ás obrigas de vixilancia do titular da explotación e ao plan sanitario integral das explotacións gandeiras, e polo que se modifican varias normas de ordenación gandeiras